

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa de Enlace para a Promoción, Avaliación, Tratamento e Rehabilitación en Saúde Mental Infanto-Xuvenil.

Entidade executante

Asociación de pais de nenos con problemas psicosociais. AS.PA.NE.P.S
(<https://www.aspaneps.com/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Ferrol.

Persoas destinatarias

Menores de 0 a 17 anos inclusive, derivados da USM-IX da Área Sanitaria de Ferrol que precisan avaliación e seguimento psicoeducativo e psicoterapéutico.

Na actualidade participan activamente en este programa 428 menores, 289 nenos e 139 nenas.

Obxectivos

Xeral: Apoiar, orientar e asesorar a menores que teñen dificultades que poñen en risco a súa saúde mental, e a súa integración psicosocial, e como a súas familias e outros axentes sociais, para garantir unha saúde mental integral.

Específicos:

Realizar unha avaliación integral do neno/a que teña en conta aspectos cognitivos, neuropsicolóxicos e afectivo-emocionais orientada a determinar a presenza de factores de risco e de protección, así como dun posible diagnóstico psicopatolóxico

Asesorar ás familias de cara a unha maior comprensión das dificultades de seus fillos e na procura dos recursos necesarios para unha axeitada autoregulación e xestión das dificultades persoais e interpersoais.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Promover experiencias de relación e traballo grupal que posibiliten unha axeitada capacidade de mentalización e educación emocional.

Metodoloxía

O acceso ao programa se realiza por **derivación directa da USM-IX da Área Sanitaria de Ferrol**

Protocolo de Apoio Psicoeducativo e Psicoterapéutico en TEA:

Acolle a nenos/nenas e adolescentes que presentan alteracións significativas antes referidas con diagnóstico probable ou confirmado de TEA.

Complementase coa experiencia piloto de intervención en grupo con menores entre 6-12 anos que se está desenvolvendo tendo como referencia a Terapia Ocupacional, a Integración Sensorial e o Xogo Simbólico, así como de dous Grupos de Apoio de Pais/Nais, diferenciados pola idade dos menores, un grupo con fillos/as entre 6 e 11 anos (que tamén participan da experiencia piloto) e outro con fillos/as entre 12 e 17 anos.

Nos 6 primeiros meses do ano 2021 participaron neste protocolo 58 nenos e 11 nenas

Protocolo de Avaliación e Intervención en Alteracións no Desenvolvemento Neurofuncional e Aprendizaxe - DNA:

Nenos/as e adolescentes que manifestan alteracións no desenvolvemento neurofuncional e precisan incrementar as competencias cognitivas, comunicativas, relacionais, pedagóxicas, psicomotrices, etc.. de cara a un maior desenvolvemento psicosocial e unha maior adaptación persoal, familiar e socioeducativa.

Exhaustivo proceso avaliativo co obxecto de asesorar á USM-IX no establecemento dun diagnóstico diferencial, o establecemento dun plan de abordaxe terapéutico baseado nas particularidades do menor, así como a coordinación con diversos recursos socioeducativos e a escola

Nos seis primeiros meses de 2021 participaron neste protocolo 184 nenos e 83 nenas.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Protocolo de Intervención con Menores en situación de Risco Psicosocial MRPS

En este protocolo aténdese a menores que medran en fogares disfuncionais, con soporte parental anómalo ou que viviron situacións de violencia de xénero ou maltrato.

O Obxectivo é proporcionar un espazo de escoita no que poder expresar e elaborar as carencias, dificultades e frustracións que derivan das circunstancias familiares e sociais vividas e sensibilizar aos adultos respecto da repercusión que ten nos seus fillos a súa figura, revisando e readaptando o seu estilo parental.

Nos seis primeiros meses do ano 2021 participaron neste protocolo 47 nenos e 45 nenas.

Protocolos Específicos de Intervención Grupal:

Grupo de Apoio e Asesoramento a pais/nais de menores con TEA. Este protocolo grupal acolle a pais e nais que precisan asesoramento na crianza de menores entre 12 e 17 anos con diagnóstico Tea.

Grupo de Apoio e Asesoramento a pais/nais con alteracións no desenvolvemento -AD. É un espazo no que participan pais e nais de menores entre 6 e 11 anos con sospeita ou diagnóstico TEA .

Grupo de Apoio a Pais e Nais de menores con dificultades na regulación emocional/conductual - CRE.

En este grupo participan pais e nais de menores con un control e regulación emocional-conductual deficitario que xera dificultades na adaptación persoal, familiar ou socioeducativa.

Grupo de Menores con Dificultades no Control e Regulación Executivo - DCRE.

Grupo de Integración Sensorial e Xogo Simbólico de Menores con TEA - IS-XS.

No ano 2020 realizáronse 2.610 intervencións nos protocolos grupais